

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FUNDACIÓN ROF-CODINA DO HOSPITAL VETERINARIO DE LUGO, PARA O APROVEITAMENTO DOS RECURSOS PROPIOS EN MATERIA DE FORMACIÓN

En Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, na súa calidade de conselleira do Medio Rural, en virtude do Decreto 127/2015, do 4 de outubro (DOG nº 190, do 05/10/15) e das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e presidente da Fundación Rof Codina do Hospital Veterinario, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 13.B dos Estatutos da Fundación que ten o seu domicilio na cidade de Lugo, no Campus Universitario, rúa Estrada da Granxa, s/n; atópase inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego e no censo de Entidades Xurídicas do Ministerio de Economía e Facenda co C.I.F. G27182856.

Ambas partes interveñen en virtude dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades e atribucións que por eles teñen concedidas, recoñecendo mutuamente capacidade e lexitimación para obrigarse e convir, e ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal é o órgano da Administración galega encargado de exercer as competencias inherentes á ordenación, fomento e mellora da produción forestal, así como as medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais. Tamén lle corresponden as competencias en materia de industrias agroalimentarias e de promoción e defensa da calidade dos produtos agroalimentarios galegos e recoñecemento e vixilancia das denominacións de calidade.

Así mesmo, a través dos órganos que a integran, exercerá as funcións de programación e coordinación da formación agroforestal e a divulgación dos resultados

da investigación agraria e alimentaria para conseguir a incorporación das innovacións tecnolóxicas aos sistemas produtivos primarios e de transformación, así como a realización de estudos, publicacións e estatísticas agroforestais.

Da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal dependen os Centros de Formación e Experimentación Agroforestal , onde se imparte formación profesional da familia profesional Agraria, entre eles está o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude , en adiante CFEA de Sergude.

A conselleira do Medio Rural asinará este convenio en aplicación do artigo 7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

SEGUNDO. Na constitución da Fundación Rof Codina do Hospital Veterinario, en adiante Fundación, establecéronse como obxectivos e funcións primordiais da dita Fundación a de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica da Facultade e as ensinanzas que, en materia clínica, poida proporcionar o Hospital Clínico.

Máis concretamente, a finalidade da Fundación é a formación especializada nas diferentes vertentes clínicas da profesión, a actividade práctica en réxime de colaboración con outros organismos públicos, así como a constitución dun centro de apoio e referencia para profesionais.

Este Hospital, actualmente en funcionamento, ten carácter universitario e a relación entre el e a USC regúlase a través dun convenio asinado con data do 21 de maio de 1997 co obxecto de favorecer a maior correspondencia posible entre a docencia teórica impartida na Facultade de Veterinaria de Lugo e as ensinanzas que, en materia clínica, poida proporcionar o Hospital.

Dada a natureza da Fundación á formación en materia veterinaria conformase como un dos seus obxectivos principais.

TERCEIRO. O Hospital Veterinario Universitario (HVU), en adiante Hospital, dispón das instalacións quirúrxicas e dos laboratorios para analíticas de patoloxías e outros parámetros de sanidade animal, adecuados para a formación en materia veterinaria.

Pola súa banda o CFEA de Sergude posúe unha finca de 99 hectáreas con explotacións agrícolas, forestais e gandeiras entre elas explotación de vacún para leite.

CUARTO. No CFEA de Sergude impártese formación profesional inicial da familia profesional agraria que forma parte da oferta do sistema educativo público de Galicia da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria .

O procedemento de matriculación do alumnado do CFEA de Sergude está incluído no sistema de matriculación propio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo este centro está adscrito ao Centro Integrado de Formación Profesional Politécnico de Santiago de Compostela para o rexistro e expedición das titulacións oficiais.

QUINTO. No vindeiro curso académico 2016-2017 implantase no CFEA de Sergude o novo ciclo formativo de Técnico Superior en Gandería e Sanidade Animal, conformándose así no único centro de formación profesional público da Comunidade Autónoma de Galicia que oferta dito ciclo, dando resposta a unha necesidade do sector gandeiro que precisa de profesionais cualificados para mellorar o rendemento das súas explotacións na procura dunha maior competitividade do sector.

É por isto que, dado o interese común e os obxectivos coincidentes, as partes intervinientes cren conveniente sumar esforzos, e para apoiar o desenvolvemento de actuacións de formación, no exercicio das competencias que lles son propias, están interesadas en establecer o presente convenio de colaboración coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. O obxecto do presente convenio de colaboración é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude, situado no Lugar de Quián, s/n (Boqueixón), dependente da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal da Consellería do Medio Rural, e a Fundación, para o desenvolvemento e realización das prácticas académicas no Hospital correspondentes ao desenvolvemento curricular do ciclo formativo de grao superior de Técnico Superior en Gandería e Sanidade Animal establecido no Decreto 87/2016 do 19 de maio e que se imparte no CFEA de Sergude. Así mesmo, os alumnos do Hospital poderán facer prácticas veterinarias nas explotacións gandeiras propias do CFEA de Sergude.

SEGUNDA. As actuacións que se realicen ao abeiro deste convenio de colaboración deben ir precedidas dun Plan de Actividades a desenvolver para cada curso académico, estando ditas actividades relacionadas e incluídas na programación formativa impartida polas partes asinantes. Dito Plan de Actividades será consensuado por ambas as partes.

Cada centro, receptor e de orixe, nomeara un titor coas funcións especificadas nos parágrafos seguintes que cumpriran co establecido no Anexo III do Decreto 87/2016 do 19 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao técnico superior en Gandería e Sanidade Animal, no que se refire á titulación do titor. Así mesmo, calquera persoal implicado no desenvolvemento docente

das actividades dos alumnos en prácticas deberán cumprir co requisito de titulación establecido no citado Anexo III.

O Plan de Actividades deberá desenvolver os seguintes contidos:

- Lugar de realización da práctica segundo o centro colaborador obxecto do presente acordo (CFEA de Sergude para os alumnos da Fundación, e Hospital para os alumnos do CFEA de Sergude).
- Designación nominal de alumnos, faranse grupos de dous a catro alumnos en períodos dunha semana para os alumnos de Sergude e de grupos dun máximo de vinte alumnos, excepto no caso de estancias no que o máximo serán catro alumnos.
- Designación do titor dos alumnos do centro de orixe que será a persoa responsable de coordinar, xunto co titor do centro receptor, o desenvolvemento das actividades, tamén será a persoa de referencia e contacto entre os alumnos e os dous centros para resolver continxencias e procurar o normal desenvolvemento das prácticas a realizar polos alumnos, así mesmo, logo dos resultados da avaliación continua do titor do centro receptor e en coordinación con este avaliará os resultados das prácticas dos alumnos.
- Designación do titor do centro colaborador receptor. Será a persoa responsable da aprendizaxe dos alumnos en prácticas, será o responsable da avaliación continua dos alumnos en prácticas e en coordinación co titor do centro de orixe fará a avaliación das prácticas de cada alumno.
- Programa formativo a desenvolver :
 - 1) No caso das prácticas para os alumnos do CFEA de Sergude desenvolverase segundo o establecido no Decreto 87/2016 do 19 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao técnico superior en Gandería e Sanidade Animal, e en concreto nos módulos profesionais de saneamento gandeiro (código MP 1279) e o de asistencia á atención veterinaria (código 1280).
 - 2) No caso das prácticas para os alumnos da Fundación serán as relacionadas cos animais de renda especificadas no Grao de Veterinaria que se desenvolva na Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago de Compostela.
- O cronograma e a distribución das actividades farase para os alumnos de Sergude, segundo o establecido no Decreto 87/2016 do 19 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao técnico superior en Gandería e Sanidade Animal e no caso dos alumnos da Fundación segundo o desenvolvemento académico fixado no Grao de Veterinaria que se estea a impartir.



TERCEIRA. No desenvolvemento do establecido na cláusula segunda a Fundación porá a disposición da Consellería do Medio Rural, a partir do curso académico 2016/2017, e de cara á impartición do currículo do Título de Técnico Superior en Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal os seguintes medios:

- Quirófanos para animais grandes e pequenos.
- Equipamentos de quirófano para animais grandes e pequenos. Instrumental e material cirúrxico, obstétrico e para o diagnóstico.
- Aparellos para análises bioquímicas e hematolóxicas.
- Aparellos para diagnóstico pola imaxe.
- Hospitalización de grandes e pequenos animais.

Estes espazos cumpren co establecido no Anexo II do Decreto 87/2016 do 19 de maio, polo que se establece o currículo do ciclo formativo.

CUARTA. Así mesmo o CFEA de Sergude, a partir do curso académico 2016/2017, porá a disposición o seu equipamento e instalacións, de cara á realización das prácticas a realizar polos alumnos dependentes da Fundación.

QUINTA. A Fundación prestará apoio técnico-formativo na realización das prácticas que se vaian realizar nas súas instalacións, sendo preciso o nomeamento dun responsable por cada unha das partes que coordine as accións formativas a realizar.

SEXTA . A Fundación deberá seguir as normas sobre confidencialidade de datos, concretamente a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e as normas que a desenvolvan.

SÉTIMA. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e rematará o 31 de xuño de 2021, podendo denunciarse pola parte que considere vulnerado o seu espírito por incumprimento dalgunha das súas cláusulas.

Dito período de duración é o que se considera conveniente dada a longa duración das ensinanzas implicadas, como así se reflicte nos plans de estudos oficiais.

A denuncia terá que efectuarse mediante comunicación á outra parte, por escrito fundado e cunha antelación mínima dun mes da data na que propoña para finalizar o convenio. Agás acordo expreso en contrario, teranse que rematar as accións xa iniciadas.

O presente convenio tamén poderá rematar cando así o acorden as partes por mutuo acordo.

OITAVA. No caso de que as actividades previstas leven consigo a divulgación, publicidade ou presentación pública por parte dos representantes das entidades asinantes, deberá informarse de dita circunstancia.

En caso de que no desenvolvemento da actividade formativa participe ou mesmo se realice coa colaboración de terceiros alleos a estes departamentos (xa pertencen á Xunta de Galicia ou sexan alleos á Administración), deberá informarse igualmente.

NOVENA. A execución das actuacións recollidas neste convenio non implica ningún tipo de relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais do centro cedente e o do centro que preste servizos para o desenvolvemento das actuacións contidas dentro do Plan de Actividades.

DÉCIMA. Aquelas accións formativas que se realicen neste centro e que necesiten de financiamento, este acordase pola Comisión de Seguimento Paritaria que se establece na cláusula décimosegunda.

DÉCIMO PRIMEIRA. As partes asinantes deste convenio consenten expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo coa Disposición Adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA Constituirase unha Comisión paritaria de seguimento do presente convenio de colaboración integrada por dous representantes da Consellería do Medio Rural que serán o subdirector ou subdirectora de Formación e Innovación Agroforestal ou na súa ausencia o xefe ou xefa do Servizo de Formación Agroforestal e o director ou directora do CFEA de Sergude , ou na súa falta o xefe ou xefa de estudos de CFEA de Sergude. Pola súa banda os representantes da Fundación serán o secretario da Fundación e o seu xerente, ou na súa ausencia as persoas que designen.

Esta Comisión efectuará o seguimento e avaliación das actuacións desenvolvidas en aplicación do presente convenio e resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se puideran presentar.

DÉCIMO TERCEIRA. O presente convenio ten natureza administrativa e corresponderá aos órganos da Xunta de Galicia resolver as dúbidas da súa interpretación e que non teñan sido resoltas pola comisión de seguimento. O coñecemento dos litixios que del se poidan derivar correspóndelle á xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO CUARTA. O presente convenio estará vixente en tanto non sexa denunciado por ningunha das dúas partes. Caso de que isto ocorra estarase ao que decida a Comisión paritaria de seguimento.

En sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asinan por triplicado exemplar no lugar e data anteriormente indicados.

Pola Consellería do Medio Rural
A conselleira do Medio Rural

Pola Fundación Rof Codina do Hospital
Veterinario de Lugo
O presidente